DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 10 | Martes, 15 de xaneiro de 2019 | Páx. 2347

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

## ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 7 de xaneiro de 2019, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda libre, convocado pola Orde do 4 de xullo de 2018 pola que se fai pública a data, a hora e os lugares de realización do cuarto exercicio.*

En sesión que tivo lugar o día 7 de xaneiro de 2019, o tribunal nomeado pola Orde do 3 de outubro de 2018 (DOG núm. 195, do 11 de outubro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda libre, cuxo obxecto é a cobertura de 38 prazas de policía local nos concellos que se enumeraban na citada orde acordou que:

1. O cuarto exercicio, consistente nas probas psicotécnicas, realizarase na sede da Agasp sita na avenida da Cultura, s/n, 36680, A Estrada (Pontevedra). Levarase a cabo unha primeira parte (proba de intelixencia e personalidade) o día 21 de xaneiro de 2019, en chamamento único que se iniciará ás 10.30 horas, e posteriormente serán informados/as das datas para a segunda parte (contestación a un cuestionario formulado verbalmente).

2. Á realización desta proba quedan convocadas as persoas aspirantes que, mediante a Resolución do 27 de decembro de 2018 deste tribunal, foron declaradas aptas no terceiro exercicio.

3. As persoas aspirantes que teñen que realizar a dita proba deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa entidade, a xuízo do tribunal.

A Estrada, 7 de xaneiro de 2019

Luis Míguez Macho
Presidente do tribunal

CVE-DOG: ne21w4j8-7ni0-r943-b7w9-bvl01tmvaaw2


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia